

A PORTA XIRATORIA

Antón Patiño

As follas dun libro de poemas abanean trementes nas inquietas mans dun lector adolescente. Traen novas dende o lado escuro. Un indómito alén intemporal gravita nestes versos breves, aquilatados nun seu nidio ritmo interior (cóncavo acougo dunha secreta ladaíña). Existe unha corrente de sentido que a mellor poesía vai transmitir sempre, ofrecendo o recendo do inefábel. Misterio e transgresión. Acenos e xestos de rebeldía vitalista que viaxan de xeración en xeración. Renovados azos libertarios proseguen daquela o camiño cara ao descoñecido.

Podemos entrar nun libro de poemas de Lois Pereiro coma quen traspasa umbrais e fronteiras oníricas, misteriosas láminas de vidro dunha porta xiratoria tatuada con distintos rótulos: “Ironía trágica”, “Virus da modernidade”, “Vontade de loito”, “Dinámica do abismo”, “Alento utópico”, “Voz da noite”, “Vertixe da vangarda”... Cada rótulo define con precisión un espazo sensorial, unha faciana complementaria do itinerario creativo. A porta xiratoria conduce até a fin, onde agarda xa o doce lugar sen tempo. Poucas veces unha experiencia poética transmite tan intensa autenticidade. Vida e literatura conflúen nun eido singular, onde unha ferinte señardade atravesada cadanseu verso. A escrita é un telegrama inzado de fondo desacougo, cada liña do poema provoca un estremecemento no corpo. As palabras figuran estar de loito, visten de negro.

A porta xiratoria fálanos de cruzamentos e tensións, antinomías existenciais nunha intensa dialéctica de contraste que permanece sempre activa. Ollada transversal cara a apreixar as variadas dimensións do real, coma se falara de distintos umbrais de percepción. Visíbel e invisíbel son convocados, dende a realidade física das texturas do mundo até a resonancia metafísica do descoñecido. O corpo do poema abrangue unha encrucillada de sensacións intensas, amoreadas con agarimosa pulcritude nun tecido de correspondencias. A porta aberta dos sentidos vai xerar sinestesias, facendo da intimidade un centro de irradiación. Cada palabra ten moito de talismán (secreta esperanza solidaria). Máxico contrasinal simultáneo na empatía dunha anceiada alteridade.

Un poema de Lois Pereiro é unha aliaxe melancólica feita de furia vital e mais trágica señardade fatalista. Combinación certa, nunha dose axeitada de conculsa modernidade e construción medida do verso, de intuición orixinaria e prodixioso ritmo pautado, sorprendente achado áxil fusionado co máis harmónico sosego. Metódica esculca-oxímoro no vieiro dos sentimentos, a través dunha linguaxe espida. Sempre coa austeridade como eixo da estratexia creadora.

VIDA/MORTE

Todo xira ao redor da ecuación vida-morte, as palabras máis veces repetidas xunto coa verba máxica: amor. Desexo e morte nunha aliaxe fértil. Hexemonía intermitente das sombras: noite, soño, morte. O trágico como devir de forzas enfrontadas. Tempo/abismo onde a verba *spleen* aboia de cando en vez co seu feito paradoxal. O pracer da tristura, a melancolía convocada case como océano interior da conciencia asolagada. Nas coordenadas do intimismo secreto gravita o pouso dramático da autoconciencia. “Saber que está un á morte/ e o corpo é unha paisaxe de batalla: / unha carnicería no cerebro. / ¿Permitirías ti, amor deserto, / que nesta febre penitente abraze/ a derradeira porta e a pechase / detrás miña, sonámbulo e impasible, / ou porías o pé/ entre ela e o destino?”.

Tebras e soño, trauma no alto luar. Bisturí poético que escintila na noite, dende a brétema do desacougo. Poesía-epitafio onde vibran as sombras expressionistas. O desexo albisca un territorio outro, un espazo sedutor e imantado... onde cada breve ringleira de verbas xera un abismo. Urgencia da palabra intensa na procura de longos silencios. “Vivía dun xeito sonámbulo, medio morto medio vivo”: declara o poeta nunha conversa con Manuel Rivas. “Ti sabes que este último libro está escrito con sangue entre sombras antigas e paixóns anovadas e libres de toda carga. Nestes poemas brilla ou se nubla a miña vida destes últimos catro anos, e que en certos intres me levaron, como sonámbulo indifereante ante a vida e a morte, a esa incerta porta xiratoria entre a estancia alumada da supervivencia e o silencio eterno, ao grande soño. De que outra cousa podería falar agora a miña poesía, senón desa lus e a forza recén recuperada?”.

IRONÍA TRÁXICA

Moitos autores salientan a presenza da ironía como condición da experiencia trágica, ao matinar sobre da teoría romántica na traxedia sinala Christoph Menke: “O proceso da traxedia conduce sempre primeiro dende a traxedia ata o xogo e logo regresa de novo dende o xogo á traxedia; sobre traxedia e xogo impera a lei do fluxo e refluxo” [...] “O modelo romántico tentou disolver esta loita definindo o estético como xogo e atribuíndolle a forza cara superar a serieidade que está na base do trágico.”.

Pracer, xogo, soño, desexo, mito, símbolo e representación... Unha cadea de suxestións vai reflectir no poema o estrañamento fronte á experiencia vital. A identidade como pantalla interior que proxecta a historia do corpo. Os contactos sensoriais amoreados deixan unha pegada fértil no ecoar da linguaxe poética.

Relampo poético que nace da loita de contrarios. A tensión de opostos non admite conclusión, mediación ou síntese. O mito poético xorde da contigüidade desa distancia insalvável enfrontada á súa radical oposición complementaria. Salto existencial do intre en Kierkegaard: “instante” como “infinita distancia cualitativa entre o tempo e mais a eternidade”. O intervalo decisivo onde o momento efémero (no proceso de condensación simbólica) entra en contacto coa eternidade sublimada. Real, simbólico e imaxinario entran en ebulición subxectiva na conciencia, mergullados no *estadio estético* do que falou o pensador de “Temor e tremor”.

LENTOS ESCONXUROS INSOMNES

Suxestivos pregos laicos, solemnes oracións sincréticas, silandeiros laios melancólicos. Poema como ladaíña interior no devalo da autoconciencia. “Prayer”: “Agora pecha os ollos/ e imaxina/ que o que escoitas/ é unha pregaria atea/ dirixida a ti na escuridade/ por unha voz invisible e perdida /nos templos dun amor/ ritualizado.”.

Proceso poético e resonancia das imaxes na escritura. Lenta construción do enigma. Paixón espida dunha depurada autoconciencia núa. As verbas rituais avanzan nunha progresión ascética, camiñan transparentes cara ao silencio. Luz negra onde a identidade afastada aboia cun recendo póstumo (que vai pousar paseniñamente na escrita). Unha voz de loito fala desde a cerna máis íntima. Dramática chamada dende o corazón da soidade. Rexistro intenso dunha representación en primeira persoa.

Latexa o xordo desacougo do *ennui*. A pegada dunha anguria insondável que xera a paisaxe anímica do tedio. O rastro espectral da melancolía do fracaso. A conciencia escindida da subxectividade atormentada. Esculcas literarias no territorio do trauma, no espazo do sublime, no eido paradoxal da ironía. Travesías narcisistas polas ruelas da identidade extraviada. Desolación e tristura, mesmo os remorsos dende os paraísos artificiais. Tempo orixinario concentrado no poema, daquela a sonoridade das verbas crea un hábitat de seu. Un tecido de sombras. O latexar dun formigueo inqueda na conciencia. Crise do corpo hipersensíbel na noite das palabras.

Chegamos ao bordo derradeiro onde o poeta fai unha ponte co baleiro, deica ocupar a lindeira máis estrema. O alento dilatado da angustia flúe na respiración

do verso. Desasosiego expandido que medra nunha escrita existencial. Todo xira no remuíño da mente. “A linguaxe é o medio do que dispón o espírito para se reproducir na nada”: di Paul Valéry.

CATARSE POÉTICA

Instante abismático da entrevisión poética. Escenario das imaxes do desexo: sensibilidade e memoria, soño e conciencia. Intre magnético dende o que podemos albiscar áxiles reverberacións no turbillón infindo de fragmentos. O poeta escribe co corpo enteiro, deixando unha tatuaxe de imaxes inzadas de autenticidade. Xerando un eixo vertical na ferida do tempo. Universo inmóbil do *ennui*, cando a vida figura petrificada na gaiola da melancolía. Detención da que xorde a imaxe poética como sentimento tráxico da escisión. Momentos que se abren como fendas de eternidade. Poesía da alma. Fala Pessoa da “sensação crepuscular” na poesía de raizame simbolista: “o encontrar en tudo um além”. Engade logo noutro apuntamento teórico ao redor do proceso de creación: “A inspiração não é mais que um impulso complexo do subconsciente que cumpre sempre submeter, por uma aplicação centrípeta da vontade, à transmutação alquímica da consciência.”.

ESCRITA DO CORPO

Estratexias de sublimación e condensación simbólica a partir da experiencia sensorial. Sinala Jean-Luc Nancy en “Corpus”: “A *alma* é a forma dun corpo e polo tanto corpo ela mesma (*psique extensa*). Pero o *espírito* é a non forma ou a ultraforma onde o corpo se precipita”. A combinatoria dos catro termos: “corpompensamento-alegría-pena”. Corpo como cosmos, sempre aberto ao infinito do desexo. Os cinco sentidos acadan unha sexta dimensión no poema. Corpo estético das tatuaxes na mente. Interrogantes e fracturas, xorden fendas de sentido incerto. O tempo como corpo expandido nos rituais da conciencia. Mapa inqueda dunha ergografía incesante. Debullando arreo un obsesivo inventario de presenzas corporais nos poemas de Lois Pereiro: bágoas, veas, boca, rostro, sangue, lingua, carne, dedos, unllas, peitos, pel, ollos, febre, suor, man, lavres, dentes, pálpebras, semen...

FRÁXIL CARTOGRAFÍA DOS SOÑOS

“As portas da percepción” das que falara Aldous Huxley están presentes. As esculcas arriscadas nos laboratorios da experimentación lisérxica. Escribe o poeta en “Remorsos”: “A néboa en Monforte fumadora de opio/ é a nai de siluetas furtivas/ e saúdo o perigo que brilla/ na face escura dos teus soños/ a verquer nas veas a bágoa fatal.”.

Lois Pereiro achégase ao espazo fráxil do desamparo humano. En verbas de Manuel Rivas: “Fixo unha viaxe á zona secreta do ser humano de modo incondicional, por iso é tan diferente a súa poesía. Fixo unha aposta moi forte”. Xosé Luis Méndez Ferrín salienta que a súa obra reflicte “a expresión do íntimo da existencia”. Un dos factores da empatía que acadan os seus poemas radica na solidariedade fronte a unha vida-obra marcada polo sinal tráxico. Miguel Mato Fondo entregou un seu lúcido ensaio sobre o poeta baseado no concepto de “fraxilidade” existencial. “Cal morto xa/ ou vencido/ falo sen min/ e durmo/ no desastre”: escribe Lois Pereiro en “Cartografía”.

Autorretrato sen concesións elaborado cunha chea de palabras-talismán (dunha orixe romántico-simbolista) como: “veleno”, “derrota”, “arrepíos”, “penitencia”, “abatimento”, “desastre”, “crueldade”, “insomnio”. Verbas que trazan a fasquía precisa da dor psíquica. Escribe o poeta en “Narcisismo”: “Sigo os pasos do sangue no meu corpo/ e coa unlla do meu dedo máis firme/ abro un sulco vermello en media lúa/ na vea que me acolle tan azul.”.

VIRUS DA MODERNIDADE

A enchente do eclecticismo. A trepidante travesía polos ismos como vertixinoso ronsel. A moda, o desexo, a paixón... agroma unha axitada andaina dende a arte como xeito de vida, o mundo como xogo. Experiencia estética como percepción aberta dunha virtual *Gesamtkunstwerk*: aquela anceiada “obra de arte total” (como decisiva amálgama de paixóns). A música e mais o cinema, xunto ao malditismo literario, configurando todo a espiral voraz dun hipnótico *maëls-trom*. Erik Satie, Brian Eno, Leonard Cohen, Jim Morrison, Lou Reed, Sex Pistols... anacos de “O sétimo selo” onde a morte xoga ao xadrez en Bergman seguida das secuencias intensas do cine expresionista. “A noite do cazador” de Charles Laughton. Fume ferroviario e amor romántico en “Brief Encounter” de David Lean. A sutileza narrativa de Eric Rohmer. O morboso *voyeurismo* de “Dyn-Amo” do recentemente desaparecido Steve Dwoskin. Ritos de pasaxe, misterio e ampliación da percepción. O territorio onde a vida/cultura flúe nun infindo excitemento. Atravesou o centro de Europa en trens en B/N inzados de literatura.

A ORIXE NA MONTAÑA

Un fío panteísta deica o corazón do bosque, no cerne da serra luguesa, na contorna do Incio. Fascinio e arrepío mesturados na aliaxe da infancia. Humidade e *horror vacui* vexetal. Antergas supersticións e suxestivos relatos envolveitos na brétema do tempo. Escavacións nas metáforas da terra. “Eis o canto eterno dunha terra fráxil/ e a choiva que esvara dun xeito amoral”. Vestixios do chan

sombrizo, agroman estratos condensados na memoria, nun profundo devalar no subsolo do mito. “Beleza cotiá feita materia en pedra á Beira do Bosque omnipresente”: escribe en *Que é Galicia?* Vocabulario primixenio onde a natureza estala. Inventario de supervivencias. Memoria inconsciente. Regresión arcaica ao magma primordial. O turbillón da orixe como escuro espazo afundido nos afastados substratos da memoria (onde podemos aínda soñar cun tempo mítico). “Espiral no Espacio Esférico.” [...] “Norte. Noite. Néboa. Negro: materia poética nacional.”

MOLÉCULAS DE AUGA EN EXPANSIÓN

Existe unha extrasensorialidade, unha ollada íntima cara ao mundo exterior que só nalgúns tramos do século XX acadou intensidade e vixencia plena. Pensemos na “nova obxectividade” na Alemaña de entreguerras, onde o achado da miniatura expresiva é unha ferramenta de expansión da conciencia. Tamén no remate dos anos sesenta e comezo dos setenta acontece un fenómeno semellante, nos camiños abertos cara á descuberta da micropercepción.

“A forza de cohesión entre as moléculas dunha pinga de auga/ é o principio de identidade do noso corpo”: escribe o artista italiano Giuseppe Penone en *Respirar l'ombre* [“Respirar a sombra”]. Hai tamén fermosas metáforas de Gaston Bachelard ao redor da poética da auga. Ensoñamento líquido e catarse onírica. A percepción lisérxica que reflecten os textos do escultor *povera* Giuseppe Penone é semellante á mítica pegada daquela pinga de auga ingrávida que trazou para nós en Santander Lois Pereiro. Infinito concentrado nun instante espido. Océano en miniatura na cunca da man. Epifanía líquida como emblema da sensibilidade nórdica agochada nos múltiples “disfraces da auga”. O inventario sutil da brétema, chuvía e mais da xeada como decisivo sinal da identidade animista.

REBULDEIRO REMUÍÑO EXPRESIONISTA

Ás veces existen inflexións turbulentas nalgúns textos experimentais publicados en revistas contraculturais, onde esboza unha escritura automática nos achegamentos puntuais a algún autores aos que ofrece unha sorte de humorísticas homenaxes. Nas fronteiras da subxectividade aboia un ecoar de voces. Alén do vorticismo xorde un precipitado de promiscuas imaxes aleatorias. Alquimia da literatura como ledicia aberta. Orixe dinámica do texto como sinatura enerxética de natureza polimorfa. Intervalos como rachadelas. Convulsión rebelde. Babel deconstrutiva no xogo creativo e na pulsión matérica coa sintaxe, agroman entón as palabras fracturadas nun curtocircuíto inzado de metáforas. Virtuais caligramas inestábeis. Montaxes desinhibidas convocando o feitizo fuxidío do instante sublimado. Constelación súbita onde as palabras sofren unha sorte

de centrifugado tipográfico. Ebriedade das verbas en liberdade nunha escrita inconsciente que vai facer orixinais homenaxes a Cocteau, a Apollinaire, a Ezra Pound e outros escritores.

Mirada intersticial na vertixe do texto experimental. Palabras-fenda cargadas de electricidade. Ecoar do texto crebado. O poema simultaneísta propicia un encontro aleatorio, traza fusións en ángulos inesperados, procurando achados nos vórtices da enerxía. Fragmentos de partículas literarias que chocan, un proceso que figura preto do “tartamudeo creativo” do que falou Gilles Deleuze. Articulacións sonoras, reviravoltas táctiles de verbas ceibes. Vitalidade do azar no laboratorio vangardista. A desintegración da sintaxe vai xerar novas formas. Acumulación de refugallos no depósito inconsciente. Desequilibrio e inestabilidade como claves estéticas dese novo magma primordial no que se converte o poema. Retorno á infancia das palabras que fan a viaxe outra volta cara a unha orixe turbulenta.

NAUFRAIXIO DENDE O PARAÍSO

Talvez a súa peza máis radical. A novela póstuma xira sobre si mesma debullando a fasquía opresiva dun universo claustrofóbico de raizame existencial. Imaxinación e memoria fican apreixadas na gaiola dun universo lisérxico. Non hai saída. Non hai esperanza ningunha. A xélida realidade só debuxa os contornos absorbentes da dureza máis desencantada e ferinte. Paraíso infernal. Dúbidas, atrancos, medos esfiañados no dramático remuíño do baleiro. Feridas psíquicas nun atormentado universo pechado. Angustia como materia atravesada a coite-lo. Seres illados no gume da navalla. A radiografía letal dun desacougo insomne. Personaxes erráticas que camiñan cara a ningures. Corpos como fantasmas, espectros hipnotizados executando escuros rituais de movementos inconexos. O relato é un dispositivo alegórico inescrutábel, un hermético xeróglifo estruturado a xeito de bucle narrativo dunha postexistencia hibernada. Inventario de traumas difusos. Seres orfos, abandonados, impenetrábeis. Todo o texto está ateigado de obsesivos monólogos visuais. Crónica do desencanto e da desolación nunha atmosfera póstuma. *Memento mori* dunha esvaída escenografía con fondo urbano (agás nun dos capítulos que vai estar ubicado na casa dos antergos no Incio).

O VIXÍA DO CORPO MANCADO

“Agora todo está concentrado na dor. O que hai, o único que hai, aquilo no que a existencia consiste é, nin máis nin menos, que a dor. A dor en tódalas formas posibles. A dor física. A dor moral. A dor da incapacidade. A dor da paralización. O enfermo queda reducido a ser unha cousa. Un obxecto que se laia, que

se desfai, que se entrega ou que loita desesperadamente co mal. Coa presenza estranxeira, foránea, do mal”: así define Domingo García-Sabell a situación psicolóxica da persoa enferma de gravidade no libro *Paseata arredor da morte*. O doente fica apreixado no dramático cerne do corpo mancado. Todo xira ao redor da enfermidade. A dor coloniza o corpo. O libro derradeiro de Lois Pereiro rexistra dun xeito singular a dramática vivencia. Non só como documento literario do illamento absorbente da enfermidade senón como estarrecedora crónica dunha travesía única de ida por volta. O poeta sentiu como unha sorte de “prórroga” o espazo de vida entre dous procesos agónicos. Nun certo xeito transmite sensacións de quen estivo na fronteira límite entre os dous mundos. Dende a lindeira terminal emite poderosas instantáneas poéticas, apuntamentos vitais inzados dun senlleiro sosego. A morte ficou daquela entre paréntese.

DÍA A DÍA MEDRA O DESACOUGO

Cartas e diarios. No tempo último cando cada día conta, cada hora é un retallo dun tesouro que esmorece. “A dimensión de futuro do mundo tanático consiste nunha irradiación sumamente restrinxida. (...) o enfermo conténtase con chegar a mañá”: di García-Sabell. Aparece daquela na escrita de Pereiro o diario como soporte privilexiado para recoller polo miúdo ese inventario sutil de pegadas no corpo. Afastado xa do tempo mítico da saúde existe unha pronunciada hipersensibilidade cotiá. As cartas da *Correspondencia ultramarina* e mais o diario, aínda inédito, que lle dedicou a Isabel Romero dan proba desa precisión cronolóxica. Un presente espasmódico que concentra todos os esforzos na supervivencia primaria: respirar, sentir, camiñar, durmir... O proceso dunha desfeita íntima. “O home doente vive por sacudimentos, en vida escandida, a tombos na randeira do transtorno orgánico. É como un bracear continuo fronte ó proceso que vai, de vagariño, desmantelando o corpo”: sinala Domingo García-Sabell. O corpo concentra a rede dos sentidos, testemuña descontinua no epicentro da desfeita. Estalactitas da alma ferida, sismógrafo interior do desconcerto agónico fronte ao territorio das sombras. Cinzas da noite.

UTOPIA DA LIBERDADE

Xa moi enfermo escribe o seu manifesto político, “Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia”, onde aparecen así mesmo reflectidos os seus intereses literarios. Fronte ao biopoder totalitario e o neocapitalismo do shock incesante postula un ideario de resistencia. Autores como Brecht, Baudrillard están presentes nunha lectura apaixonada. Xa daquela estaban perfilados no mundo os alicerces da nova dominación. Un totalitarismo inédito a través do pensamento único expandido

nunha metástase globalitaria. Agromaba xa o hipercapitalismo despótico da nova *esquizoeconomía* a través da aliaxe coa tecnoloxía. A receita ideolóxica do poeta fronte ao poder posmoderno das marcas de globalización na gaiola do espectáculo pasaba pola relectura dos clásicos, a loita de clases dende a perspectiva dos pensadores libertarios aos que lera con vertixinoso fascinio na súa adolescencia.

Un manifesto para petar nas consciencias, onde tenta con urxencia abrir os ollos á desfeita programada. Fronte á hexemonía do ruín complot, feito de simulacros, invoca un espazo outro afastado dos espectros alienantes, onde a vixilancia libertaria vai ser o mellor antídoto. Recorre aos clásicos: Kropotkin, Bakunin, Proudhon, Ricardo Mella... Facendo unha chamada ao Entroido da revolución na procura das “libres coordenadas do futuro”.

ALFABETO DA ENFERMIDADE

Poemas que figuran informes clínicos onde os datos médicos agroman enxertados no texto poético con rara naturalidade. Identidade mergullada na espiral da enfermidade como proceso. Eses datos obxectivos ofrecen a crónica do esnaquizamento persoal. A anatomía dunha desfeita interiorizada. Xeografía terminal do propio corpo. Termos fríos do vocabulario dos hospitais reflicten no poema a dureza do principio de realidade, onde a saúde é xa só un tempo mítico sustentado nun outrora afastado. A ironía trágica establece a puntuación precisa nesa cruel ringleira de expresións dramáticas. Ata chegar ao estarrecedor acróstico da enfermidade maldita. “Somentes/ intentaba conseguir/ deixar na terra/ algo de min que me sobrevivise.” As catro letras da destrución presentes na vertical do poema como un tótem tipográfico (gravado a lume en cada estrofa). Un dramático letreiro coa luz de neon da morte anunciada. Daquela só escoitar o son entrelazo das dúas sílabas fatídicas convocaba imaxes trágicas de medo terminal e agoiros dun corpo desfeito.

EPITAFIO LENDARIO

O teatro da mente é unha dramática representación da morte como proceso. Agonía que vai parella ao irónico esconxuro do poema. Con naturalidade deixa un rotundo apuntamento para un posíbel epitafio. Eses breves versos lendarios (afiados como calafríos) que hoxe moitos lectores saben de memoria.